

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2023-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 16 de agosto de dous mil vinte e tres ; as horas e sete minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data
Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández, dona Mariluz Expósito Pérez , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Francisco Gaspar Fernández Castro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 16 de agosto de 2023.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

-Escrito con número de rexistro de entrada 5325 de 16 de agosto de 2023 de dona M. del Pilar González Iglesias .coordinadora do Servizo de Atención Primaria de Ribadavia, en nome do persoal sanitario e non sanitario que fai gardas en dito P.A.C. no que expón :

Que en repetidas ocasións, e despois de chamar a un taxi de garda a petición de algún paciente que o precisa para voltar o seu domicilio, é sobre todo en horario nocturno, non se obtivo resposta do telefono do que dispoñemos como "taxi de garda" (N.º 686 789 537), polo que, e ante as protestas e desesperación dos usuarios.

SOLICITAMOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA

1. Se nos indique si existe o servizo de taxis de garda, e si é obrigatorio responder as chamadas a este teléfono

2. Nos confirmen si o número que temos é correcto.

O Regulamento do servizo público de autotaxis do concello de Ribadavia , publicado no Boletín Oficial da Provincia número 53 de 5 de marzo de 2016 establece:

Artigo 39 Na parada o concello poderá autorizar a instalación dun telefono para este servizo.

Artigo 40 Os titulares de licenzas de circulación de autotaxis terán que organizar un servizo nocturno , necesariamente, no lugar que se sinale , na parada e de tal xeito que o público estea sempre atendido.

Artigo 41 Este servizo nocturno prestarase na parada ata a unha da madrugada, na que estarán presentes os vehículos de garda e retén ; a partir desa hora poderán abandonar a parada , pero coa obriga de prestar calquera servizo que sexa reclamado.

Artigo 42 Para coñecemento xeral do público sinalarase o lugar onde se anuncie o servizo nocturno, sen prexuízo de que a Policía local tamén se teña coñecemento do punto exacto en onde se atopen os vehículos de garda e mesmo os do retén.

A xunta de goberno acorda lembrar aos titulares de licenza de autotaxi do concello de Ribadavia que deben cumprir o establecido na Ordenanza municipal e a previsión en dita ordenanza dun réxime sancionador no caso de incumprimento da mesma.

Escrito de don Xurxo Gómez Alonso, en representación do grupo municipal do BNG , con rexistro de entrada no concello número 5328 de 16 de agosto de 2023 no que expón:

NOS ÚLTIMOS DÍAS, AS ENTIDADES PÚBLICAS DE XESTIÓN DA AUGA VEÑEN ALERTANDO DO CRECENTE RISCO DE SECA E ACONSELLANDO MEDIDAS DE CONCIENCIACIÓN E AFORRO PERANTE A POSIBILIDADE DE QUE A FALTA DE CHUVIA SE EXTENDA AS PRÓXIMAS SEMANAS.

SOLICITA:

COÑECER OS INFORMES DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS SOBRE A SITUACIÓN DO ABASTECIMENTO DE RIBADAVIA.

SABER SE DENDE O GOBENRO MUNICIPAL SE VAN PROMOVER MEDIDAS DE CONCIENCIACIÓN E AFORRO NO CONSUMO DE AUGA.

A xunta de goberno acorda comunicar que o informe da empresa concesionaria sobre o nivel de captación de auga no río Maquians xa foi remitido aos voceiros de todos os grupos municipais, e que , no momento en que sexa necesario a adopción de medidas de aforro no consumo de auga se adoptarán as mesmas e se lle dará traslado á cidadanía.

Escrito de don Jorge Manuel Míguez Rodríguez , en representación de Restaurante A Quinza SL , con rexistro de entrada no concello número 5344 de 18 de agosto de 2023 no que expón:

Necesitamos dos contenedores para restaurante A Quinza SL en A Quinza.

E solicita:

Dous contenedores de basura, un orgánico e un para cartón.

A xunta de goberno acorda comunicar que , a maior brevidade posible, se colocarán os dous contenedores solicitados.

Escrito de dona Ana Pardo Fernández , con rexistro de entrada no concello número 5353 de 18 de agosto de 2023, en representación da Asociación Provivienda, no que expón:

Como entidade sen ánimo de lucro que traballamos con persoas solicitantes de asilo no concello de Ourense e Ribadavia, expoño que, as persoas que acompañamos atopanse en situación de vulnerabilidade xa que carecen de recursos económicos que permitan manterse de maneira autónoma en España. Por esta razón, solicítase

A gratuidade no acceso ás instalacións do Centro Deportivo Municipal O Consello e ademáis da entrada na Piscina Municipal A Veronza a través de bonos

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 21/8/2023 do seguinte tenor literal:

Vista a solicitude presentada pola asociación Provivienda con CIF. 79408696 e na sua representación Dna. Ana Pardo Fernandez co NIF

INFORMO

Debera adoptarse acordó na Xunta local de goberno, no caso de acceder a petición, o procedemento a seguir sera:

1. Presentar, por rexistro, solicitude do/s beneficiarios aportando os seguintes datos: Nome e apelidos, DNI e enderezo.
2. Tramitar ante o Servizo Municipal de Deportes o bono ou aboamento según corresponda.

A xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado debendo procederse según o indicado no informe do Director do Servizo Municipal de Deportes.

Escrito de dona Raquel Rodríguez Rodríguez e dona Francisca Rodríguez Domínguez, con rexistro de entrada no concello número 5377 de 21 de agosto de 2023 :

En el mes de enero de 2023 y en junio del mismo año, en el término de Ventosela (Ribadavia-Ourense) se producen importantes episodios de lluvia que terminan provocando riadas afectando a varios vecinos del pueblo..

Anteriormente, el señor Manuel Benito Arias Álvarez, había deforestado parte del monte situado entre la autovía A-52, a su paso por esta localidad, y las casas de los vecinos de la parte de arriba del pueblo para transformarla en finca de viñedo, quedando, en el proceso, al descubierto un desagüe de grandes dimensiones que recoge las aguas procedentes de la autovía. A consecuencia del desmonte producido las aguas descienden monte abajo sin control,

atravesando en su camino la carretera N-120 y provocando esta riada inundaciones y desperfectos a varios vecinos (inundación de cocheras, lodo en las propiedades, etc.). En el último episodio, ocurrido el pasado mes de junio, fue necesaria la intervención de los servicios de emergencia: Protección Civil y Bomberos de Ribadavia, ya que se instaló una balsa de agua en la misma carretera N-120, poniendo en serio riesgo el tráfico rodado. El barro consecuente de la riada todavía está instalado en los bordes de la carretera y aceras ya que los desagües del pueblo fueron incapaces de absorber tanta agua.

Por lo tanto, solicitamos una solución e intervención de quien corresponda. Es necesario realizar la correcta recogida de aguas para evitar que éstas desciendan sin control hacia nuestras viviendas poniendo en riesgo a los vecinos de Ventosela, además del tráfico que circula por la carretera.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e solicitar informe ao respecto á arquitecta municipal.

5.- CUESTIÓN ECONÓMICA E ASUNTOS VARIOS.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as nove horas e quince minutos o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE